

---

# O PINTOR CEGO

Texto de XABIER P. DOCAMPO

Ilustracións de XOSÉ COBAS

---

Encadernado en cartonné. 24,5 x 21,5 cm. 44 páx. 16 €

[O pintor cego](#) (galego)

ISBN 978-84-1343-019-5. MareMar.

[El pintor ciego](#) (castelán)

ISBN 978-84-1343-020-1. Obras de autor. Lectores autónomos.

[El pintor cec](#) (catalán)

ISBN 978-84-16804-89-4. Obres d'autor. Lectura autònoma.

*O rei mandara chamar aquel pintor que tanta sona tiña no seu reino e nos da contorna. O artista era loado especialmente pola súa habelencia cos retratos, nos que, dicíase, era quen de tirar dos retratados a verdade do seu ser. Neles reflectíase a beleza ou a fealdade que ninguén antes vira nas persoas alí representadas...*

«O pintor cego» é un diálogo literario e artístico entre Xabier DoCampo e Xosé Cobas, ao que contribuíu de xeito especial o cadro «A illa dos mortos», de Arnold Böcklin. Existen varias versións deste lenzo que, andando o tempo, inspirou moitas outras creacións pictóricas, musicais, cinematográficas, escénicas e narrativas. Este libro -con traducións ao castelán e ao catalán de Xavier Senín e de Teresa Duran, respectivamente- é a obra póstuma de DoCampo, que nos transporta ao castelo dun rei malvado, cunha fermosa raíña da que se namora o protagonista, arquetipo da bondade e da xustiza.

Gran contador de historias, a habilidade e a elegancia descritiva de Xabier DoCampo, con palabras precisas e suxestivas, sitúanos na primeira fila dos aconteceres, expectantes ante un relato que combina paixón, vinganza e retos imposíbeis. Mais nada se rende ante o amor verdadeiro, cos sonhos como ponte á felicidade. Porque a paleta deste artista échese de luz, de música e doutras materias primas -que, coma os sentimentos, son intanxíbeis- para elaborar o retrato máis extraordinario.

Dende o punto de vista plástico, o ostentoso detallismo das escenas palacianas contrasta coas figuras inacabadas do protagonista: bosquexadas, sen artificios, como a sinxeleza e a autenticidade que representa. No tratamento dos clarescuros, das texturas e nas homenaxes ao surrealismo, apréciase o eco de artistas como François Gérard, Jacques-Louis David, Sandro Botticelli, Johannes Vermeer, Francisco de Goya, Luis Feito ou Yves Klein. Fiel ao carácter simbólico da pintura orixinal, Xosé Cobas converte un pano na metáfora visual da cegueira do pintor, plasmando o movemento da tea, o dinamismo das súas ondas, nunha brisa morna e lene.

No rumor que moldea ese tecido habita a voz potente e vigorosa de Xabier DoCampo, anoada aos seus lectores e lectoras a través do fío irrompíbel da memoria.



■ **Temática:** o amor, a maldade, os sonhos.

■ **Idade recomendada:** a partir de 8 anos.

■ **Aspectos destacables:** literatura oral; arte, pintura; felicidade, sentimentos; do ilustrador de «[Cadros dunha exposición](#)», «[Galego. Á beira do mar](#)» e «[Memorias de un niño campesino](#)» (Kalandraka).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/o-pintor-cego-g>

## Xabier P. DoCampo

(Rábade, 1946 - A Coruña, 2018)

Mestre vencellado aos movementos de renovación pedagóxica, escritor e promotor de lectura, foi autor dunha ampla produción literaria en varios xéneros (literatura infantil e xuvenil, narrativa, ensaio...) traducida a varias linguas. Recibiu numerosos recoñecementos: Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 1995, Premio Isaac Díaz Pardo 2008, Premio Irmandade do Libro e Autor do Ano 2009, homenaxeado en 2014 pola AELG, Premio Gala do Libro Galego 2018... A súa obra figura na Lista de Honra IBBY e nos Cen Mellors Libros do Século XX para a Fundación Germán Sánchez Ruipérez. Tamén destacou polas súas facetas teatral, cinematográfica e, especialmente, polo activismo a prol da lingua e da cultura de Galiza.

## Xosé Cobas

(Logrosa-Negreira, A Coruña, 1953)

Comezou ilustrando na prensa diaria. A finais dos 80 decantouse pola ilustración de libros infantís e xuvenís, sumando máis de douscentos títulos, ademais de traballar como deseñador gráfico na Deputación da Coruña. A súa obra expúxose en galerías de España, Europa e Latinoamérica. Recibiu o Premio Gourmand World Cookbook ao mellor libro de literatura gastronómica en español, o Premio Fetén ao mellor libro de teatro ilustrado, os premios Díaz Pardo e Neira Vilas, e foi seleccionado na lista The White Ravens.

[www.xosecobas.es](http://www.xosecobas.es)



---

www. **kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com

---